



Concello de Vilarmaior

Lémbrese aos propietarios de terreos a obriga de xestión de biomasa, incluída a retirada de especies arbóreas prohibidas, antes do 16 de xullo de 2020 segundo a Resolución do 28 de abril de 2020 da Consellería do Medio Rural e advírtese do inicio de expedientes sancionadores en caso de non facelo

Os propietarios de terreos teñen a obriga de xestionar a biomasa das parcelas afectadas polas redes secundarias antes do 16 de xullo de 2020 como obriga a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Nunha franxa de 50 metros:

Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de basura, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Na franxa de 50 metros non poderá haber árbores das especies sinaladas na Disposición Adicional terceira da Lei 3/2007.

Os incendios forestais son un problema que “debemos afrontar entre todos e todas, xa que o lume non só produce danos no medio ambiente, na flora, na fauna e na atmosfera, senón tamén pon en risco a seguridade das persoas”.

O cambio climático ao elevar as temperaturas e alongar os períodos sen choiva fai que os incendios sexan cada vez máis perigoso e difíciles de controlar. Por iso é necesario actuar “na prevención, por exemplo, retirando o material combustible que se acumula ao redor das vivendas antes da época de maior risco de incendios. E ese material é a biomasa”.

De acordo coa Resolución do 28 de abril de 2020, a Consellería do Medio Rural, amplía o prazo para efectuar a xestión da biomasa **ata o próximo 16 de xullo de 2020**. Será a partir dese momento, no suposto de incumprimento destas obrigas polas persoas responsables, cando procederese á súa execución subsidiaria por parte das administracións con repercusión de custos dos traballos, sen prexuízo, ademais, de instrución dun procedemento sancionador.